



O proxecto Deseño e Son cunha traxectoria de 5 cursos xa, documentada nas webs e nas redes **@desenoe**, segue un curso mais cós mesmos obxectivos orixinais.

Nos cursos pasados aumentamos o número de colaboradores e as accións a desenvolver... e este non vai ser menos.

Seguimos con iniciativas plurais de **cultura accesible e inclusiva**: de música, tecnoloxía, xardinería, astronomía...

Implicamos aos **adolescentes, docentes e familias** de IES Menéndez Pidal Zalaeta, dos CEEs e das entidades colaboradoras.



Como novidade Deseño e Son neste curso é un dos proxectos do Polo creativo En Zalaeta como parte do Club de Ciencia e Tecnoloxía ZalaTecno (@zalatecno).

A participación na rede de Polos creativos da Xunta de Galicia vai abrir moitas novas oportunidades para os cursos futuros, aportandonos recursos e formación.



Por outra banda o IES Menéndez Pidal xa non é parte da Asociación Cultural Zalaeta, e por iso non continuará no Programa de cultura accesible e inclusiva da Fundación Emalcsa e do Concello de A Coruña.

Comeza unha nova fase con novos retos ilusionantes, que non tería xurdido sen os apoios e os retos anteriores que agradecemos moito.

